

CONCELLO DE PONTEVEDRA

ANUNCIO DA APROBACIÓN INICIAL DO CONVENIO DE ACTUALIZACIÓN E MODIFICACIÓN DO “CONVENIO URBANÍSTICO SUBSCRITO ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE PONTEVEDRA E A ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DE CIEGOS ESPAÑOLES (ONCE) O 13 DE XULLO DE 2006”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión de data 18 de xuño de 2018, por unanimidade, adoptou o acordo de prestar aprobación, con carácter inicial, ao texto do Convenio de actualización e modificación do “Convenio urbanístico suscrito entre o Excmo. Concello de Pontevedra e a Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE) o 13 de xullo de 2006”, documento a asinar polo Concello de Pontevedra e a ONCE cuxo borrador achegábase coma anexo.

En cumprimento do punto segundo do referido acordo, e unha vez asinado o 20/06/2018, sométese a información pública o amentado convenio urbanístico para a execución do planeamento, durante un prazo de un (1) mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia, no Taboleiro de Edictos do Concello, na sede electrónica do Concello www.sede.pontevedra.gal e nun dos xornais de maior difusión da provincia, computando o remate do amentado prazo de alegacións dende a data de publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia e dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría da Administración Municipal.

Durante o período de información pública, o texto íntegro do convenio, debidamente dilixenciado, xunto co correspondente expediente administrativo, estarán depositados nos servizos urbanísticos municipais, sitios na rúa dos Churruchaos núm. 2, baixo, 36071-Pontevedra, en horario de oficina, para que poida ser consultado, sen prexuízo do acceso electrónico a través da sede electrónica do Concello.

Asemade, infórmase que nestas datas xa se atopa publicado na sede electrónica do Concello de Pontevedra (www.pontevedra.gal, ligazón exacta a día de hoxe: <http://www.pontevedra.gal/areas/urbanismo-e-territorio/planeamento-urbanistico/planeamento-en-tramitacion/>), o contido íntegro do documento aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local, en cumprimento do disposto no art. 7 da Lei 9/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Pontevedra, 27 de xullo de 2018

A alcaldesa accidental. Asinado: María do Carme Da Silva Méndez

